

INFORMACIÓN AOS PAIS

ÁREA DE FRANCÉS, SECUNDARIA

- **Criterios de cualificación**

Para que a materia global do curso sexa avaliada positivamente o alumnado deberá ter aprobadas alomenos dúas avaliacións, sendo unha delas a 3º.

A cualificación do alumno dependerá de varios factores.

- ✓ Observación directa do traballo na aula e na casa

A observación directa do traballo na aula e na casa tera en conta:

Aspectos procedimentais: Participación activa nas actividades propostas coa intencionalidade de mellorar, realización dos deberes, elaboración de material, orde e limpeza nas devanditas actividades, uso correcto da libreta.

Puntuarase de 1 a 10 e a súa valoración será **20%** da nota de avaliación*

Aspectos actitudinais: Respeto e tolerancia cara os compañeiros, profesor, aspectos socioculturais da materia nas actividades da clase.

Comportamento: respecto aos compañeiros, profesorado, equipo directivo, persoal no docente que se atope na aula no exercicio das súas funcións, material e instalacións.

Puntuarase de 1 a 10 e a súa valoración será **20%** da nota de avaliación*

* Inclúe comportamento, actitude, asistencia a clase, puntualidade e traballo realizado na aula e na casa.

- ✓ Probas obxectivas

Proporanse tres probas obxectivas unha por avaliación, con actividades semellantes às realizadas na clase. Se procurará valorar de forma equilibrada a comprensión e produción oral e escrita, as habilidades comunicativas e a reflexión sobre a lingua.

Haberá alomenos unha proba obxectiva xeral para todo o grupo por avaliación

Puntuarase de 1 a 10 e a súa valoración será **60 %** da nota da avaliación.

Tanto na observación directa como nas probas teranse en contas os criterios de avaliación correspondentes a cada curso.

– Alumnos que teñen a materia pendente.

Proporanse dúas probas obxectivas

A primeira parte do exercicio debe facerse na casa e a segunda parte consistirá nunha proba realizada en presenza da profesora, con actividades semellantes as realizadas na clase.

As probas puntuaranse de 1 a 10 e baremaranse como segue:

--**40%** da nota para a proba feita na casa e

--**60%** para a proba realizada na clase.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Participación activa nos intercambios orais
- Progresión na aprendizaxe
- Cumprimento das tarefas encomendadas nos prazos establecidos pola profesora.
- Comprensión global dos textos oraies e escritos traballados na clase
- Realización de exercicios gramaticales, léxicos y fonéticos
- Redacción de textos breves sobre situacións semellantes as situacións na clase
- O caderno de clase é un elemento importante para a progresión do alumno e o control do adquirido. Polo tanto terá que estar sempre ao día, con boa presentación e deberán de aparecer nel todos os datos solicitados polo profesor así como os exercicios realizados na casa.